A Biblioteca Pública Municipal e os programas de voluntariado e centros educativos de Servizos Sociais e Educación Familiar organizan, por primeira vez, un obradoiro de aprendizaxe e perfeccionamento do xadrez.

Este curso, para persoas maiores e nenos/as con idades comprendidas entre os 10 e 15 anos, ten como obxectivos: o desenvolvemento intelectual e persoal na formación dos menores, fomentar a cooperación da aprendizaxe e xogo en grupo, inculcar a empatía e propiciar a aprendizaxe/perfeccionamento dos participantes no taller.

Devandito obradoiro, que terá lugar na Biblioteca Pública Municipal, desenvolverase durante os meses de xullo e agosto, con persoal voluntario. Os horarios e grupos serán os seguintes:

- Luns (10.30 a 12.30 horas): nenos/as aprendizaxe.
- Mércores (10.30 a 12.30 horas): nenos/as avanzado.
- Venres (10.30 a 12.30 horas): persoas maiores aprendizaxe/perfeccionamento.

A inscrición para participar nesta actividade debe realizarse na Biblioteca Pública Municipal, no horario de 9.30 a 13.30 horas e 16 a 20 horas (luns a venres).